

# SCHUBERT: MARGARIDA NA ROCA



<https://www.youtube.com/watch?v=I45EsX2r27g>

# DATOS TÉCNICOS DA OBRA

Margarida en la rueca (en alemán, *Gretchem am Spinnrade*), é un lied composto por Franz Schubert no 1814 e publicado no 1821 como Op. 2, sobre un texto que proviña do Fausto de Goethe. Está escrito para soprano e piano, aunque tamén se adaptou para mezzosoprano, orquesta e para piano solo.

Para a musicoloxía, esta obra marca un punto importante, pois considérase o verdadeiro nacemento do xénero lied obra de Schubert. Aunque existen moitos outros lieder anteriores a este compositor, a súa estrutura e estilo, marcan o comezo do xénero cara ao período romántico.

Nesta obra obsérvase a evolución do papel do piano neste xénero, xa que en vez de participar ca función de baixo continuo, agora participa activamente dentro da obra aportando material á interpretación.



# BIOGRAFÍA

Franz Peter Schubert (1797-1828) foi un compositor austríaco considerado o introductor do romanticismo musical e o continuador da sonata clásica, seguindo o modelo de Ludwig Van Beethoven. Foi un compositor de lieder (breves composicións para voz e piano, antecesor da canción moderna), así como da música para piano, de cámara e orquestral.



Schubert foi un dos principais músicos austríacos do século XIX. Viviu 31 anos, e neste curto tempo conseguiu compoñer unha obra musical excelente, sobre todo na última etapa da súa vida cando estaba moi enfermo. Porén, a súa música non foi recoñecida durante a súa vida, senón que comeza a soar con máis forza unha vez morto. Comeza con pequenas obras para piano, para despois introducir as sinfonías. Na historia da música, sempre estivo á sombra de Beethoven. Escribiu máis de 600 lieder, que despois da súa morte foron inéditos. Sempre foi considerado un compositor fráxil que facía fermosas melodías, pero se analizamos a súa música, veremos que a súa obra está chea de tristeza.

Dende que naceu, a morte estivo presente na súa vida. Eran 13 irmáns, e 10 de eles morreron ao nacer, e outro prematuramente. Súa nai faleceu no último parto cando el tiña só 15 anos. A única familia que lle quedaba era o seu pai mais o seu irmán. O seu pai era profesor, e recibían poucos ingresos para vivir.

Foi un gran cantante, e ingresou en Stadtkonvikt, a escolanía da Catedral de Viena como soprano. Alí tivo a oportunidade de ter como mestre ao compositor Antonio Salieri. Ademais, a necesidade de compondor apareceu nestes anos. En 1813 cámbialle a voz e non pode seguir estudando, polo que ten que axudarlle a seu pai na escola, a pesar de que el o que en realidade quería era dedicarse á música por completo.

No 1814 comeza a época de creatividade para Schubert, porque conoce ao seu primeiro amor, Therese Grob. Estre a Misa en La Maior con Therese de soprano. Nestos anos saen á luz as súas primeiras obras maestras, como o lied *O rei dos elfos*. A principal meta de Schubert nesta etapa era conseguiri traballo, e así gañar diñeiro para que o pai da rapaza o deixara irse con el, e o único campo que podía ofrecerlle diñeiro era a ópera. Pero a pesar de abordar este xénero durante toda a súa vida, nunca puido destacar nel.



Ca chegada da sífilis, é cando vemos aparecer o seu lado máis amargo e melancólico. E necesitado de comprensión, escíbelle estas liñas ao seu amigo Leopold no 1824:

“Hace tiempo que quería escribirte, pero nunca sabía desde dónde, adónde. Ahora se me ofrece la oportunidad y por fin puedo abrir mi corazón a alguien. Tú eres bueno, y seguro que me vas a perdonar lo que otros se habrían tomado a mal. En una palabra, me siento el hombre más infeliz, más miserable del mundo. Imagínate un hombre cuya salud ya no mejorará nunca y que en su desesperación sólo empeora todo en lugar de mejorarlo, imagínate un hombre cuyas más brillantes esperanzas han quedado reducidas a nada, al que la felicidad del amor y la amistad no ofrecen otra cosa que sumo dolor, al que el entusiasmo (al menos estimulante) por la belleza amenaza con desaparecer, y pregúntate si no es éste un hombre miserablemente infeliz. Mi tranquilidad ha desaparecido, mi corazón está oprimido, no lo encuentro nunca; así ahora puedo cantar todos los días, pues todas las noches, cuando me voy a dormir; confío en no despertar ya nunca, y cada mañana me anuncia sólo la misma pena del día anterior. De esta manera, sin alegría ni amigos, paso los días, a excepción de cuando me visitó Schwind y me trajo un rayo de aquellos dulces días pasados.”



Durante os seus últimos anos escribiu pezas maxistras, froito das súas experiencias personales.

Por aquel tempo, Schubert tiña só 31 anos e acababa de matricularse para estudar Fuga. Pero unha gonorrea, complicada finalmente cunha febre tifoidea, levouno á morte no 1828. Decíase que había tempo que este compositor anda polo “mal camiño”, e falábase da súa afición ao alcohol e ás relacións esporádicas. Ademais, parece ser que nos seus anos de madurez padecía un trastorno bipolar, e iso explicaría as numerosas cantidades de obras que quedaron incompletas sen razón aparente.



# ANÁLISE MUSICAL

A historia conta que Fausto, quen é un mago, invoca ao Diaño. Mefistófeles fáiselle presente e Fausto véndelle a súa alma a cambio dalgúns anos de sabedoría ou a cambio dunha mocidade eterna. Rexuvenecido, e con axudas de Mefistófeles, Fausto logra seducir e namorar á bela e doce Gretchen. O texto utilizado no lied, móstranos a Margarita (en alemán Gretchen) tecendo no seu roca, pensado en Fausto. O poema componse de 10 estrofas onde a atmosfera romántica é conseguida co acompañamiento do piano, que reforza a imaxe do que sucede no poema.

Si analizamos o texto, vemos que a primeira estrofa (A) aparece constantemente cada dúas estrofas, a modo de ritornello (exemplo compás 1). Esta obra ten forma rondo (A-B-A-C-A-D-A.....).

O movemento da roca aparece reflectido usando diferentes recursos:

- O deseño da melodía da man dereita, é un ostinato rítmico, que proporciona unha idea de movemento circular, como o que realiza a roca.
- A man esquerda do piano, facendo corchetes en staccato, tamén a modo de ostinato, representa os latexados do corazón da Gretchen e o seu malestar e angustia.



# ANÁLISE MUSICAL

- Doutra banda, Schubert represéntanos o pensamento de Gretchen co cantode a soprano. A letra explícanos con palabras o que lle sucede á protagonista e a melodía da voz expresa o que sente. A música vai acorde ao sentimento negativo que sofre a protagonista.
- A estrutura do texto (rondo), coa primeira estrofa aparecendo constantemente, facilita pensar nun movemento circular, que pasa sempre polo mesmo sitio. Simboliza a preocupación e angustia de Gretchen e o camiño que toman os seus pensamentos, sempre volvendo ao mesmo lugar.
- A obra está escrita en re m. Esta tonalidade mantense durante toda a obra excepto na estrofa "Nach ihm..." (C) que modula ao relativo maior (Fa M). Posteriormente volve a re m. Schubert escribeo así porque durante todo o poema Gretchen está tendo pensamentos negativos porque non ten o amor que ela desexa. Pero na estrofa "Nach ihm..." (C) idolatra ao seu amado e desaparece a angustia e céntrase en todo aquilo que lle gusta de Fausto. Estas imaxes que vai describindo provocan que entre nun estado agradable. Schubert fai desaparecer a inquietude da man esquerda e escribenos brancas dándonos estabilidade. pero a medida que vai avanzando a estrofa Gretchen vaise alterando imaxinando o seu amor achegándose a ela (acelerando escrito) ata que este bícaa: "Sein Kuss!". Este é o punto culminante da fantasía que ocupa a mente de Gretchen.
- Os seguintes catro compases representan o tempo que necesita Gretchen para volver á realidade e recuperarse do mareo que lle causou a súa fantasía. Volvemos a re m, estrofa A, co mesmo carácter que atopabamos ao principio



# ANÁLISE MUSICAL

- Na última estrofa (D) aparece outro cambio. Schubert escribe acelerando outra vez porque o estado de ánimo da protagonista vaise alterando cada vez máis porque quere ter ao seu amado con ela pero dáse conta que este non está. É por iso que a melodía desta estrofa vai subindo cada vez máis cara ao agudo, cantando a nota máis aguda que atopamos na obra (a 4), a cal simboliza un grito de desesperación da protagonista.



- Para acabar, e confirmando a forma roldou, Schubert volve escribir "Meine Ruh' ist hin..." (A). Esta vez escribe só o comezo da estrofa para recordarnos todo o anterior e porque Gretchen estase recompoñendo da estrofa D.



# OPINIÓN CRÍTICA

1. Sen importar o compositor nin a obra, o Lied debe interpretarse con gran naturalidad no sonido e facendo uso de tódalas ferramentas tanto técnicas como musicales.
2. A importancia de levar a técnica de man da expresividade é innegable, unha necesita da outra para interpretar con éxito cualquier xénero musical, e en especial o Lied que se caracteriza por ter unha carga emocional moi forte que ten o poema en sí mesmo.
3. Schubert aborda este xénero, no cal se sente especialmente cómodo, con máis confianza que calquera outro, e nos seus máis de seiscentos *lieder* explorará o potencial deste xénero como ningún compositor o fixera ata entón. Este *lied*, que utiliza o texto da obra *Fausto* de Goethe, móstranos a Margarida tecendo na roca mentras pensa no seu amado. Nel podemos observar a íntima unión entre palabra e música así como a relación estreita entre a parte instrumental e a vocal. O acompañamento do piano axuda a crear a atmósfera e o contexto e, desta maneira, mentras a escritura pianística da man dereita simula o movemento xiratorio da roca, a man esquerda realiza un *ostinato* rítmico con corcheas en *staccato* que simboliza o pedal da mesma.

# OPINIÓN CRÍTICA

1. Este acompañamento non se detén en ningún momento agás no de maior emoción, de máxima tensión, en que Margarita pensa nos ardentes bicos de Fausto e esquecese de tecer. Este momento de clímax refórzase cun cambio rítmico (acordes de branca con punto) e a utilización do acorde de sétima diminuída cun *caldeirón*.
2. A estrutura deste *lied* preséntanos unha forma *rondó* (A B A C A D A). A primeira estrofa do poema repítese á maneira dun *retrouso* e vaíse alternando co resto das *estrofas*. Elo pódenos dar tamén unha idea dos pensamentos angustiosos de Margarida, que volven unha e outra vez á súa mente da mesma maneira que a roca non deixa de xirar. A melodía caracterízase pola súa sinxeleza e claridade, sen ornamentacións, de estilo silábico e ámbito reducido. A tonalidade base é Re menor, e os cambios abruptos de tonalidade e por terceiras mostran algunhas licenzas harmónicas, como apertura á expresividade romántica, que repercutirán en compositores posteriores (Mendelssohn ou Schuman, especialmente).